

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

**BARREIRO**

**O SILENCIO  
QUE CHOVE LUZ  
NA XANELA**

**Exposición**

**Museo  
Centro Gaiás**

**30 Nov 23—  
28 Abr 24**



**XUNTA  
DE GALICIA**





# Barreiro.

---

# O silencio que chove luz na xanela.

---

**A exposición *Barreiro. O silencio que chove luz na xanela* pretende mostrar o proxecto creativo de José María Barreiro, continuador da renovación das vangardas históricas, a través dun proceso diacrónico-sincrónico ilustrado pola súa pintura nos últimos 60 anos (1963-2023).**

**(...) Alí, pintor, onde o silencio chove, nas túas ventás chove clavicémbalos».**

**URBANO LUGRÍS**

A José Barreiro, pintor, 1968

## Exposición

**Museo Centro  
Gaiás  
Andar 3  
Ata 28.04.24**

[cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)

Comisariada por Antón Castro e Pilar Corredoira, a exposición baséase sobre todo nas obras a partir dos 90 e ata actualidade, que reflicten o seu pasado e presente. Así, o Museo Centro Gaiás reúne ao redor de 50 pinturas e 80 debuxos do artista, ademais de sete esculturas coas que Barreiro levou a pintura máis alá do lenzo. Varias vitrinas, con documentos e fotografías, e dúas instalacións audiovisuais protagonizadas polo propio autor, axudan a comprender e facer esta instrospección na súa traxectoria creativa.

Tendo en conta a súa grande amizade con dous dos grandes creadores que tivo Galicia, Urbano LUGRÍS (cincuenta aniversario do seu pasamento neste 2023) e o poeta Carlos Oroza (centenario

do seu nacemento este ano), José María Barreiro réndelles homenaxe expoñendo as colaboracións pictóricas cos dous e integrando os seus textos na exposición.

Precisamente, o título da mostra parte duns versos que o pintor máxico-realista Urbano LUGRÍS lle dedica ao artista: «(...) Alí, pintor, onde o silencio chove, nas túas ventás chove clavicémbalos».

O relato pictórico ten en conta os lugares da vida de Barreiro (Pontevedra, Madrid, París, Vigo, Buenos Aires e Santa María de Cela). Así, trata de mostrar a súa obra a través do tempo, máis de medio século (sesenta anos de traballo), pero tamén rompendo esa idea de evolución no tempo e mostrando as transformacións no presente.



*Meninas 3*, 2000 © Barreiro,  
VEGAP, Santiago de  
Compostela, 2023

A mostra quere evocar a actualidade da súa pintura, reconsiderando a totalidade do seu proxecto abarcado dende os seus numerosos temas. Son temas que falan de recordos, corpos espidos femininos, gaiteros, músicos e instrumentos musicais, concertos, margaridas, flores de toxo, vaixelas ou naturezas mortas. Na súa obra tamén se atopan amplas atmosferas como interiores de café ou monumentos, o silencio do seu taller, aquilo que está detrás da súa grande icona, a xanela, convertido en embarcación, illa ou mar aberto, montaña ou sorprendente solpor.

**«A ventá en que miro  
veme dende fóra /  
Os espazos son seis  
e nos seus cadros  
fórmanse as tempadas  
/ A impresión traspasa  
o cristal / E a luz  
entrelázase desvelando  
as formas»**

CARLOS OROZA

*Barreiro...dende a miña ventá* (1991)

# Biografía

José María Barreiro (Forcarei, Pontevedra, 1940) é un pintor continuador da renovación do vangardismo histórico. Segue unha liña que vai dende determinadas variables da gran tradición da pintura xerada na clásica *École de Paris* ata unha linguaxe que pon de manifesto nos seus cadros, cos que rende culto á cor por enriba de todo, esencialmente cálida.



Barreiro reivindica coa súa obra, dende os seus inicios, o pracer recuperado da pintura, de raíz *matissiana* e expresionista, referencias que nutrirán o seu proxecto pictórico máis decisivo, o que se consolida a partir dos anos setenta. Así, segue unha interpretación libre do expresionismo histórico, con recorrencias estéticas en transformación constante, que irá matizando coas súas investigacións lumínicas, cromáticas e espaciais.

Na súa iconografía fetiche aparece a simbólica e enigmática xanela, centro de tantas das súas composicións que funde o interior e o exterior dos seus cadros.

A xanela convértese nunha identidade que marca o ritmo poético do seu relato pintado, ao que o seu amigo Urbano Lugrís dedica un poema.

Percíbese na súa obra, ademais, como Barreiro volve ao tema da música de maneira constante. Dende os seus comezos inclúe no seu temario un gaitero que se converterá cos anos nun obxecto recorrente, nun dos seus sinais iconográficos de máis potencia.



*Vivencias*, 2021 © Barreiro, VEGAP, Santiago de Compostela, 2023

José María Barreiro con Laxeiro



*La modelo*, 2015 © Barreiro, VEGAP, Santiago de Compostela, 2023



José María Barreiro con Manuel Torres



José María Barreiro con Juan Carlos Oroza

## CRONOLOXÍA

- **Iniciase no mundo da arte** nos últimos anos da década dos 50 cunha formación autodidacta.
- En 1963 trasládase a **París** onde estuda a obra de Picasso, Matisse ou Cezanne.
- Tras un ano, **volve a Vigo** onde se integra no ambiente intelectual da cidade e entabla amizade con Urbano Lugrís.
- Presenta a súa obra en **Madrid** en 1968 na Galería Toisón, con debuxos, gravados e óleos.
- Trasládase a **Buenos Aires** en 1969 invitado por **Laxeiro** a realizar unha serie de exposicións. Permanece en Arxentina uns anos en contacto co ambiente intelectual do momento. Alí coñece a Luis Seoane e a Manuel Colmeiro.
- En 1973 **volta a Vigo** e conecta coa súa vida anterior. Retoma os seus contactos e inaugura un novo taller.
- O seu **extremado sentido da cor** seguirá medrando na pintura do autor, configurando os temas e incendiando as escenas.
- Nos anos 90, os momentos de madurez do artista coinciden co traslado da súa vivenda e taller a **Santa María de Cela**, en Bueu. Un miradoiro dende o que ensanchar os seus horizontes.

# A exposición

## Sen dúbida, a biografía artística de Barreiro afirmase en París, onde vive unha xuventude ávida de experiencias estéticas, despois de sintonizar coa sensibilidade do mellor legado pictórico deste século: Picasso-Matisse-Cezanne.

Poucos pintores como el souberon reinterpretar o legado deses artistas con tanta clarividencia e con tanta actualidade e, ademais, facelo sen esquecer a atmosfera e os conceptos dunha etnografía e antropoloxía que é Galicia, manifesta en temas igualmente clásicos; xa sexan bodegóns (de botellas, pratos, flores, instrumentos, libros, cacharros e tantos obxectos); xa sexan paisaxes e diferentes composicións —ben o seu propio taller ou interiores de egrexios monumentos, eróticos espidos, o dinamismo do circo ou iconografías tan persistentes como a do pintor e a modelo, os músicos (gaiteiros, músicos na rúa, charangas...)—; ou os simbólicos instrumentos musicais (coa prevalencia do acordeón, a guitarra e a gaita, «a máis fermosa das aves que cantan nos montes, nos vales e na beiramar galegos», segundo Álvaro Cunqueiro, que, cando se refería a calquera das que pintaba Barreiro, resoaba como «a voz máis poderosa da nosa morriña») e un vello fonógrafo ou as recreacións arredor doutros grandes mestres, seguindo o ritual picassiano, como sucede con *Las meninas* de Velázquez, entre tantos máis (exemplo igualmente do cadro dentro do cadro, que el repetirá). Sen excluír o cadro-ventá, diante do cal habitualmente habita unha copiosa natureza morta repleta de flores, froitas, botellas e vasos ou pratos, enriba dunha mesa que cobre un vistoso mantel; ventá que abre ao exterior e nos permite desvelar, dende a intimidade do interior, o amplo horizonte.

Pero non só a experiencia vivida no París de comezos da década dos sesenta, ou dez anos máis tarde a aventura americana, en Buenos Aires, cidade cosmopolita por excelencia, foco irradiador da cultura xestada polos exiliados de todos os continentes, acentuaron o seu proxecto. De moitas maneiras, os factores máis connotativos dunha pragmática identidade cultural vencellada a Galicia, un territorio antropolóxico que se expande a un universo amplo, lonxe de calquera vea localista, están presentes no pintor que retorna sempre ás súas orixes. De París e Buenos Aires, volverá a Vigo, a cidade atlántica, mariñeira, industrial, porto de emigración a América e receptora de pintores importantes, que xera naqueles anos fervorosos debates nas tabernas (o Eligio será o lugar de encontro preferente) e cafés, presididos polas figuras maiores de Laxeiro e Urbano Lugrís.


[...] Así pois, evocar a súa actualidade significa reconsiderar a totalidade do seu proxecto pictórico de sesenta anos, percorrendo eses temas aos que aludimos.

**Por Pilar Corredoira e Antón Castro**

*El Café Gijón,*  
1992 © Barreiro,  
VEGAP, Santiago  
de Compostela,  
2023







## Deseño expositivo

*Gaitero*, 2018 ©  
Barreiro, VEGAP,  
Santiago de  
Compostela,  
2023

*Modelo  
esperando*, 2016  
© Barreiro,  
VEGAP, Santiago  
de Compostela,  
2023

A exposición concíbese tendo en conta as cidades ou os lugares da vida de José María Barreiro, que contribuíron a definir un territorio cultural múltiple, híbrido e máis cosmopolita, afastado do exclusivo formalismo etnografista de base galega. Partindo desa mirada, trázase un percorrido que nos introduce na súa dimensión conceptual, lingüística e iconográfica organizada de maneira temática. O relato intenta así fundir diacronía e sincronía, achegarnos ao Barreiro máis íntimo e humano, rompendo as pautas evolucionistas nas que tradicionalmente se situaba a súa pintura, para repensar a centralidade da súa obra.

Para facer este camiño pola súa pintura, debuxos e esculturas, a mostra divídese nos seguintes apartados:

- 1. Os lugares da miña vida: Pontevedra, París, Vigo, Bos Aires, Madrid, Ceta**
- 2. Os perfís mariños e as lúas: Lugrís/Oroza**
- 3. Pintar é abrir ventás: Naturezas mortas/paisaxes**
- 4. O taller do artista**
- 5. O pintor e a modelo. Erotismo**
- 6. Música e músicos**

### **7. Arquitecturas e recordos**

### **8. O circo**

### **9. Os vellos mestres. *Las meninas* de Velázquez**

### **10. Pintar no aire. A escultura**

Ademais, a exposición conta con varias vitrinas con documentos relacionados coa vida e obra de José María Barreiro.

## Lugrís e Oroza

Urbano Lugrís e Carlos Oroza reciben unha particular homenaxe neste percorrido, pola súa estreita relación con Barreiro, que expón as súas colaboracións pictóricas cos dous artistas: *Vista de Vigo*, 1968. Urbano Lugrís/José María Barreiro e *Poema de Carlos Oroza*, 2009. José María Barreiro/Carlos Oroza/ Villatoba. Ademais tamén se lle dá protagonismo ás súas verbas, integradas na montaxe.

## Audiovisual

Na exposición pódese visionar un vídeo cunha entrevista realizada ao artista, José María Barreiro, especialmente con motivo desta mostra. El mesmo fala en primeira persoa da súa vida e traxectoria.

# Comisariado



## **Pilar Corredoira**

Licenciada en Historia da Arte pola Universidade Central de Barcelona, comisaria de exposicións e investigadora no eido da arte galega dos séculos XX e XXI. Inicia a súa andaina profesional a principios dos oitenta formando parte como comisaria dun ciclo de nove exposicións sobre artistas de vangarda de Galicia na Galería Sargadelos de Barcelona (1983) e realizando unha estada na Fundación Miró da mesma cidade entre 1983 e 1984.

Tras unha longa traxectoria desenvolvida no campo das artes plásticas, o seu labor viuse reflectido na área da xestión e o asesoramento a institucións, empresas ou espazos públicos e en numerosos comisariados de exposicións, en Galicia, Europa e América. Ademais, na actualidade forma parte dos padroados da Fundación Xaime Quesada Blanco e Fundación Vacan e colabora no Diario de Madrid como crítica de arte. Labor esta que comezou en 1982 en diversos xornais e revistas nacionais e internacionais.

Algunhas das súas actividades dedicadas ao labor curatorial son as seguintes exposicións: *Reimundo Patiño*, Centro Cultural do Conde Duque, Madrid (1986); VIII Bienal Internacional de Pontevedra (1988); *Galicia Tradición e Deseño* no Design Center Stuttgart, (Alemaña 1991); as antolóxicas de Maruja Mallo no CGAC, en Santiago, e no Museo Nacional de Belas Artes de Buenos Aires, nos anos 1993 e 1994; *Itinere* no CGAC (1994); *Arquitecto Antonio Palacios* no Museo de Belas Artes da Coruña e na Casa das Artes de Vigo (1998); *Eugenio Granell no paraíso centroamericano*, no Auditorio de Galicia (2012); *O universo de Xaime Quesada*, no Museo de Pontevedra (2020) ou *Castillo, escultor*, no Museo Centro Gaiás (2021).



## **Antón Castro**

O historiador Xosé Antón Castro é Catedrático de Arte Actual da Facultade de Belas Artes de Pontevedra (Universidade de Vigo). Doutor en Historia da Arte pola Universidade Complutense de Madrid tamén se licenciou en Filosofía e Letras -Historia da Arte- e en Historia (especialidade de Arqueoloxía) pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi profesor de Arte Contemporánea e impartiu mestrados e cursos en diferentes facultades universitarias en Galicia e a nivel internacional.

É membro do Padroado da Fundación Laxeiro e do Comité Asesor do CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea). Ademais, foi director do Instituto Cervantes de Milán (2004-2008) e do IPCE (Instituto do Patrimonio Cultural de España) do Ministerio de Cultura (2008-2010). Tamén foi membro dos Padroados da Alhambra de Granada, do Arquivo de Indias, da Fundación Lázaro Galdiano e de Obras Pías, entre outros, e do Consello da Cultura Galega.

Dende 1976 escribiu ao redor de 800 artigos e segue a colaborar en suplementos culturais e en revistas de arte, pensamento ou literatura. Recibiu o Premio de Ensaio e Pensamento dos Premios da Crítica de Galicia en 1996.

Comisariu máis de 150 exposicións en España, Francia, Alemaña, Portugal, Italia, Croacia, Bulgaria, Cuba e Estados Unidos. Neste 2023 foi o comisario para a celebración do 50 aniversario da morte de Picasso.

# Catálogo

A proposta complétase coa publicación dun catálogo que recolle a reprodución de todas as pezas exhibidas, con textos dos comisarios, Pilar Corredoira e Xosé Antón Castro, así como outros textos relacionados con Barreiro e a súa obra.



## Textos institucionais:

Alfonso Rueda, presidente da Xunta de Galicia

Román Rodríguez, conselleiro de Cultura

## Textos comisarios

Antón Castro e Pilar Corredoira : *Barreiro, o silencio que chove luz na xanela*

Antón Castro: *O sutil poder da seducción da beleza entendendo a pintura como un poema de amor*

Pilar Corredoira: *Pintar é abrir ventás*

## Textos complementarios

Alberto Barciela: *Barreiro e a fábrica de cores*

Rafael Santos Torroella

Ramón Farraldo

Antonio M. Campoy

José Antonio Lisbona

Urbano Lugrís: *Pequena glosa á arte de Barreiro*

Carta de Laxeiro a Barreiro

Álvaro Cunqueiro

# Créditos

## XUNTA DE GALICIA

### Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

### Conselleiro

Román Rodríguez González

### Secretario Xeral Técnico

Manuel Vila López

### Director Xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

## FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

### Directora Xerente

Ana Isabel Vázquez Reboredo

### Directora de Acción Cultural

María Pereira Otero

### Director de oficina técnica

Benito García Caramés

### Director económico financeiro

Santiago González Prado

## FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA

Abanca

Afundación

Inditex

Inveravante

Naturgy

Fundación Barrié

Banco Sabadell

Coren

Campo

Gadisa

Grupo Nosa-Terra 21

Astilleros Barreras

R Cable y Telecomunicaciones Galicia

Monbus

## EXPOSICIÓN

### COMISARIO

Pilar Corredoira

Antón Castro

### DESEÑO GRÁFICO

Igráfica

COORDINACIÓN EXPOSICIÓN Fundación Cidade da  
Cultura de Galicia

### DESEÑO DE MONTAXE

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

### COMUNICACIÓN E MARKETING

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

### DIDÁCTICA-MEDIACIÓN

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

### COLABORACIÓN ÁREA TIC (IMAXE / SON)

Carlos Pedreira Novo

### MONTAXE

OHLA

Manuela Casal Olveira

### TRANSPORTE

Manuela Casal Olveira

### SEGUROS

ITOO Artinsurance SL

### AUDIOVISUAIS


Eva Vázquez Lima e Sonia Otero, Atresmedia TV  
Galicia

### IMAXES

© Barreiro, VEGAP, Santiago de Compostela, 2023  
Obras por cortesía de José María Barreiro e outros  
particulares

# Gaiás, Cidade da Cultura

**A Cidade da Cultura preséntase como un motor para impulsar proxectos innovadores no campo da cultura, o emprendemento e a tecnoloxía e un punto de conexión de Galicia co resto do mundo. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, esta cidade que parece xurdir da terra eríxese como unha icona arquitectónica da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.**



Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle:

**Museo Centro Gaiás.** A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

**Biblioteca e Arquivo de Galicia.** Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

**Centro de Emprendemento Creativo.** Acolle a Axencia Galega

de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC.

**Centro de Innovación Cultural (CINC).** É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

**O Edificio Fontán.** Converte a Cidade da Cultura de Galicia nunha referencia en investigación e colaboración internuniversity e en estudos do patrimonio, acollendo o Centro Europeo de Investigación en Paisaxes

Culturais, o Instituto de Ciencias do Patrimonio (dependente do CSIC) e servizos que dan apoio ás tres universidades galegas.

**Espazos naturais.** O Bosque de Galicia, o Xardín Literario, o Xardín do Teatro e o Parque do Lago son os espazos verdes cos que conta o Gaiás. Lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudable a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.





# Barreiro. O silencio que chove luz na xanela.

Exposición

Museo Centro Gaiás

30 Nov 23—28 Abr 24

[cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)



XUNTA  
DE GALICIA